

ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DA ILLA DE AROUSA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DO "PROXECTO DE URBANIZACIÓN DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS E MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA AVDA. CASTELAO. EP 9803"

INTERVENEN

Dunha parte, D^a. María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, Carlos Iglesias Cores, alcalde do Concello da Illa de Arousa actuando en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Da fe Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

As partes reconécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin

EXPOÑEN

I.- O 16 de xullo de 2021 a Deputación de Pontevedra e o Concello da Illa de Arousa asinaron un convenio cuxo obxecto é establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do Proxecto de urbanización de recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avda. Castelao. EP 9803 , modificado por Addenda de 10 de decembro de 2021.

II.- Que a cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2022 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervenientes en caso de que non se rematen as obras obxecto do mesmo no prazo indicado.

III. Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e PACTAN:

PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2023 a vixencia do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello da Illa de Arousa para a execución do "Proxecto de urbanización de recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avda. Castelao. EP 9803",



A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

SEGUNDO.- En todo o demais, o texto do convenio asinado o 16 de xullo de 2021 modificado por Addenda do 10 de decembro de 2021 mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.”

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan electronicamente a presente addenda.



Pode verificar a integridade deste documento
no enderezo: <https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación (CSV):3VT29HXXOSJW8FY